



CONCELLO DE LOBIOS

**MINUTA DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL
DO DÍA 30 DE XUÑO DO 2006.**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estevez González
D. Juan Carlos Pérez Paz.
D. Francisco Veloso González
D. José Álvarez Pereira
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
D. Antonio Pérez González
D. Xesús Deibe Fernández Simo

Secretaria, Acctal:

D^a. María del Carmen Rodríguez
Fernández

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 21,00 horas do día 30 de xuño do 2006, reúnen, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Ordinaria do Plenario do Concello de Lobios.

Estando presentes os 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MINUTA DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE ABRIL DO 2006.

Téndose remitido ós Srs. Concelleiros con anterioridade á convocatoria desta Sesión unha copia da minuta da Acta da Sesión celebrada por este Plenario o día 28 de abril do 2006, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto.

Manifesta o Sr. Fernández Simo que na páxina 8 apartado a) non se reflexa exactamente a votación da Moción relativa ó camiño de Pacendo xa que os votos a favor foron seis e non cinco, pois o Sr. Concelleiro D. Antonio Estevez González votou a favor; o propio Sr. Estevez González ratificase no seu voto negativo, replicando o Sr. Fernández Simo que a única parte da Moción coa que non estivo de acordo o citado Sr. Concelleiro



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

do PP era a referencia á moratoria dos 50 días que constaban na Moción, polo que indica que se reserva o seu dereito á impugnación da Acta.

O propio Sr. Fernández Simo continúa dicindo que na páxina 10 da Acta que se somete a aprobación non se fai referencia ó local social solicitado para Riocaldo, respondendo o Sr. Alcalde que tal como consta no borrador da Acta dízose que non había local nin que se ofertou ningún por parte de ninguén, e no proposto polo Sr. Fernández Simo na súa Moción, non pode habilitarse como Local Social xa que non reúne as condicións axeitadas porque sería preciso retranquear no momento da construción.

O Sr. Portavoz do Grupo do PSdeG PSOE, Sr, Veloso manifesta que non hai obxección algunha ó texto proposto.

Logo destas observacións o Sr. Alcalde somete a votación a minuta da Acta da Sesión do 28 de abril do 2006, resultando aprobada polo voto favorable dos seis membros do Grupo Municipal do PP, votando en contra da súa aprobación os catro membros do Grupo Municipal do PSdeG PSOE e o do Sr. Concelleiro do BNG.

SEGUNDO.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

Tendo en conta que entre a primeira das Mocións que vai ser debatida refírese ás Bases para a Contratación de Persoal, o Sr. Alcalde dispón que por parte da Sra.. Secretaria se proceda a facer entrega de cada un dos membros da Corporación dunha copia das páxinas 4 e 5 da Acta da Sesión celebrada pola Xunta de Goberno con data 30 de maio pasado na que constan as Bases aprobadas para a contratación de persoal, pasándose seguidamente a dar lectura á moción que presenta o Sr. Concelleiro do Grupo do BNG o que despois de diversas consideracións e motivación da Moción solicita que se proceda á constitución dunha Comisión na que se integren tódalas forzas políticas co obxecto de crear un Regulamento para a Contratación de persoal no que se regule a publicidade dos postos así como os baremos de méritos para o acceso ós correspondentes postos.

- a) En defensa desta Moción toma a palabra o Sr. Fernández Simo reiterando que como xa dixo en outra ocasión a xente tiña que ter unhas Bases nas que figuren as condicións do posto de traballo e os criterios e baremos aplicables para a selección de que vaia ocupar eses postos de traballo; pois non pode admitirse que unha mesma persoa, ó rematar un contrato laboral sexa contratado noutro posto de traballo diferente. Por todo isto, e tal como se pide na Moción, solicita que se cree unha Comisión integrada polos tres partidos con representación no Concello para a confección destas Bases e os criterios e baremos de méritos para a selección do persoal. Resposta o Sr. Alcalde manifestando que efectivamente nas Bases aprobadas na Xunta de Goberno poden existir erros, e que está de acordo en que cada un dos



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Grupos Políticos propoñan o que se debe de engadir ou modificar para completar as Bases aprobadas. O Sr. Fernández Simo acepta esta contraproposta do Sr. Alcalde. O Sr. Veloso manifesta a súa sorpresa de que se aproben estas Bases en vésperas de eleccións, aínda que se as mesmas serven para frear os enchufismos, está de acordo, sobre todo na nova praza que se vai crear, anunciando que vai votar a favor a Moción coas alegacións do Sr. Alcalde. Sometida a votación a Moción, resulta aprobada por unanimidade nos termos que se deixan expostos, incluíndo a proposta do Sr. Alcalde relativa á presentación de correccións ás Bases aprobadas pola Xunta de Goberno, que cada un dos tres Grupos existentes no Concello aporten e propoñan, para ser sometidas novamente a estudio e aprobación pola Xunta de Goberno, previa convocatoria, se procede, dos Voceiros dos ditos Grupos Políticos para que expoñan ou aclaren calquera dúbida que poida xurdir no relativo a canto expoñan nas súas mentadas propostas, ós efectos de unha vez introducidas nas pretendidas Bases de Contratación as modificacións pertinentes, sexan sometidas a aprobación definitiva por parte deste Plenario.

- b) A segunda Moción presentada polo Sr. Fernández Simo fai referencia á Ordenanza Municipal de Axuda no Fogar, propoñendo que se proceda a introducir na mesma unha modificación para que sexa a traballadora Social do Concello a persoa que decida quen pode ser beneficiario deste servizo suprimindo o punto no que se outorga ó Alcalde a capacidade de tomar dita decisión; en defensa da Moción volve a tomar a palabra o Sr. Fernández Simo reiterando que o Sr. Alcalde non ten os coñecementos necesarios para tomar decisións dun técnico especializado en acción social, por entender que lle parece aberrante que un responsable político poida aprobar os expedientes sobre os que carece de coñecementos, cando deben ser os técnicos os que tomen estas decisións, tamén considera que na aplicación da Ordenanza estase a vulnerar o principio da renda de cada beneficiario. Respóndelle o Sr. Alcalde manifestando que en tódolos expedientes ate de agora aprobados consta sempre un informe dos servizos de Asistencia Social do Concello, xa que os técnicos non teñen atribucións para outorgar ou denegar dereitos, e que están a disposición tódolos expedientes tramitados onde, e polo que se refire á afirmación de que non se ten en consideración o nivel de renda de cada beneficiario, pon a disposición do Sr. Fernández Simo e demais Srs.. Concelleiros integrantes do Pleno, os expedientes tramitados nos que, en tódolos casos inclúese unha copia da declaración de renda feita por cada beneficiario ou certificación de Facenda da non obrigatoriedade de presentala. O Sr. Veloso fai referencia a xestos que el considera desprezativos feitos polo Sr. Tesoureiro, engadindo que non lle parece axustado a Lei que entre o Sr. Concelleiro do BNG e o Sr. Alcalde se produzan máis de 15 intervencións, entendendo que as intervencións deben de ser dous por cada Grupo. Quer que conste en Acta que o Sr. Tesoureiro chámase D. Enrique López Álvarez e que ademais é



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concelleiro de Cultura. Por alusións solicita a palabra o Sr. López Álvarez quen manifesta que non fixo ningún xesto de tipo despectivo cara a ninguén. Sometida a votación a Moción, resulta rexeitada por votar e contra da mesma os seis Sr. Concelleiros do Grupo do PP e a favor o Sr. Representante do Grupo Municipal do BNG e absténdose os catro Sr. Concelleiros integrantes no Grupo Municipal do PSOE.

TERCEIRO.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Fernández Simo formula a seguinte pregunta: ¿Por qué non aparecen “Informes da Alcaldía” na convocatoria?, respondendo o Sr. Alcalde que non ten nada que informar que tivera ou revestira importancia.

O Sr. Veloso fai entrega dun escrito do PSOE solicitando a súa lectura pola Sra.. Secretaria, cousa que fai, relativo á ocupación da praza expropiada a D. Cayetano Vázquez, respondendo o Sr. Alcalde que o Plan de Urbanismo está aprobado no ano 2002 e que a zona é verde; o Sr. Veloso indica que o Sr. Alcalde está incorrendo nunha falsidade, e o Sr. Alcalde replica que o expediente de expropiación foi aprobado polo Pleno e que foi debidamente notificada á propiedade independentemente de que se puxo en contacto por catro veces coa familia, unhas veces co matrimonio e outras co fillo, e que nunca presentaron reclamacións; á súa vez, a valoración foi realizada por un técnico e o seu importe está depositado na Caixa Xeral de Depósitos.

Ante estas afirmación do Sr. Alcalde o Sr. Veloso replica que nas Normas iniciais aprobadas cando era Alcalde o Sr. Ferreira, esta zona non era zona verde, polo que ponse de manifesto a facilidade que ten o Sr. Alcalde para mentir e que incorre en delicto de falsidade e que para evitar calquera responsabilidade debería darse traslado destes feitos á autoridade competente.

Antes de formular máis preguntas recorda que el é o Voceiro do PSOE e que quere claridade, replicando o Sr. Alcalde que el non é ningún mentireiro respondéndolle o Sr. Veloso que ten moita retórica tipo militar e que o único que pretende é intimidalo.

Seguidamente o Sr. Veloso formula as seguintes preguntas:

1. ¿Por qué non se pon en coñecemento dos veciños as axudas da Deputación?
2. ¿Por qué non se colocan sinais e espellos na rúa “estrada de Portugal”, así como, nos lugares que proceda, porque pode haber un accidente?.
3. ¿Cales son as axudas a Unión Deportiva Lobios dende o ano 2001 ata a actualidade?



CONCELLO DE LOBIOS

4. ¿Por qué non se abre unha conta bancaria nas distintas sucursais bancarias de Lobios, así como non se recada axuda para o desastre de Grou, por incendio da vivenda de Javier, O Ferreiro?.
5. ¿Por qué non se contesta da contía económica do Sr. Asesor por acudir a este Concello?.
6. ¿Por qué non se informa ós veciños , como así consta no Plan de Ordenación, que na estrada de Portugal, previsto en 12 metros, poidan retranquear 6 metros dende o eixe da estrada?.
7. ¿Por qué non se informa ós veciños das Normas que rexen dende o tramo desde o Cuartel da Garda Civil ata a ponte de Lobios, que é solo urbanizable, pódese retranquear, non estando ninguén obrigado a edificar pegado á estrada?.
8. ¿ Por qué non se informa ós veciños como ós concelleiros deste Concello, que as edificacións nos laterais deben levar pavés e cristais translúcidos, aínda que estean pegados a lindeiros?.
9. ¿ Cántos procedementos existen, na actualidade contra este Concello, pola vía xudicial, reclamando cantidades económicas?.

A continuación toma a palabra o Sr. Fernández Simo, para formular as súas preguntas, momento no que o Sr. Veloso González, sen pedir autorización á presidencia, levántase do seu escano e sentase entre o público, manténdose nesta situación ata a finalización da Sesión.

O citado Sr. Fernández Simo formula as seguintes preguntas:

1. ¿Cal é o estado laboral dos traballadores eventuais deste Concello a 28 de Xuño do 2006?.
2. Sobre a ponte do Valoiro ¿Cal e o custo e o sentido desta ponte?. Resposta o Sr. Alcalde dicindo que a obra é de iniciativa da Deputación e o que se pretende é o enlace con Grou.
3. ¿Cal é a situación actual na que se encontra as piscinas de Riocaldo? Responde o Sr. Alcalde que estes dous están sen rematar, pendente da súa entrega ó Concello. O Sr. Concelleiro interpelante solicita que se acelere no posible a construción desta piscina.
4. Por último e mais que unha pregunta se trata de un rogo, solicita que por parte do Concello se teña en conta a situación económica do equipo de fútbol, solicitando que se apoie economicamente mediante a entrega de subvencións parciais.

Por último toma a palabra o Sr. Álvarez Pereira facendo referencia a varios temas que se resumen do seguinte modo:

- Situación da Poza de Silvares.
- Ídem do depósito das decantadoras.
- Auga de uso doméstico.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- Estrada do Poldrado.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Señor Alcalde - Presidente procedese a levantala sesión sendo as 22,20 horas, de todo o que eu, o Secretario Habilitado, certifico.